



Plan de igualdad



Data aprobación: 28/05/2024

Data última versión:

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p><i>I.E.S. Lama das Quendas</i> R./ Uxío Novoneyra s/n 27500 - Chantada (Lugo)</p> <p>Tel.: 982870223 – Fax: 982870233 www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas ies.lama.quendas@edu.xunta.es</p>	
--	---	---

ÍNDICE XERAL

1. INTRODUCCIÓN	2
2. CONTEXTUALIZACIÓN DA NORMATIVA E DO CENTRO.....	2
2.1. NORMATIVA APLICABLE	2
2.2. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO	4
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA	5
4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN.....	6
5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN.....	7
5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO	7
5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES	7
5.3. XESTIÓN DE ESPAZOS, RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO...	8
5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.....	8
6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	8

1. INTRODUCCIÓN

A escola cumpre unha función social moi importante na formación integral das persoas, nun momento especialmente sensible do desenvolvemento infantil e xuvenil. Neste senso, educar no respecto á diversidade afectivo-sexual forma parte inherente da formación integral da infancia, ligada a valores clave como son a igualdade, a pluralidade, a diferenza e o respecto. A diversidade é unha realidade tanxible que se vive na escola e é, polo tanto, un valor positivo que se debe aprender desde as etapas iniciais do sistema educativo. Así pois, a escola ha de ser verdadeiramente inclusiva, debe constituír un piar fundamental na erradicación da transfobia e, polo tanto, un espazo onde se ten que respectar a identidade de cada persoa e onde o feito trans non cause rexeitamento. Son realidades que han de ser percibidas e vividas de maneira cotiá e habitual como un aspecto máis da diversidade humana e tamén como unha oportunidade de desenvolvemento e aprendizaxe común de toda a comunidade educativa, como parte importante da sociedade.

A educación afectivo-sexual, nomeadamente no relativo á identidade sexual, así como a diversidade sexual, son disciplinas necesarias no ámbito educativo, polo cal é imprescindible proporcionar información e formación a toda a comunidade educativa, e favorecer entre o alumnado a aprendizaxe e a práctica de valores baseados no respecto ás diferenzas e na tolerancia á sexualidade, co fin de evitar situacións incómodas, humillantes e incluso acoso ou transfobia.

2. CONTEXTUALIZACIÓN DA NORMATIVA E DO CENTRO

2.1. NORMATIVA APLICABLE

Ámbito europeo

No marco da Unión Europea, a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios de actuación das institucións comunitarias que deben ter presente en todas as súas accións. Isto figura recollido no artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. No eido concreto da educación a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015 considera que os estereotipos de xénero seguen

tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral. Amais a igualdade está na base do dereito internacional sendo núcleo da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948).

Ámbito estatal

- Artigo 14 da Constitución de 1978: *“Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación por nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”*.

- Decreto 1686 /2000 do 6 de outubro polo que se crea o Observatorio da Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes.

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. O seu artigo 1 establece como principio da educación *“o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”*. No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a *“educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)”*.

- Lei 3/2007, do 15 de marzo reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.

- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes nos seus artigos 23 e 24, referidos á igualdade no ámbito da educación.

Ámbito autonómico

No ámbito autonómico son moitas as disposicións normativas que recollen instrumentos para acadar unha educación e formación en igualdade entre mulleres e homes.

- Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, no capítulo III do Título I, medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero.

- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Capítulo V. Artigos 22-26.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia no que se contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Artigos 17, 18, 19.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (abril 2016).

2.2. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O Proxecto Educativo do I.E.S. Lama das Quendas recolle varios aspectos relacionados coa coeducación. Nesa dirección, é preciso destacar as seguintes referencias:

- **Apartado 9.1.1:** Recolle como un dos obxectivos da ESO “*Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitir os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes*”.
- **Apartado 9.1.2:** Recolle como un dos obxectivos do Bacharelato “*Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social*”.
- **Apartado 9.3.:** Contempla como principio psicopedagóxico “*Igualdade de xénero: Intentarase concienciar ao alumnado para que actúe de maneira crítica ante as situacións de desigualdade que perciba no seu contorno e fóra del, e para que recoñeza as relacións interpersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual, como parte dunha realidade plural e enriquecedora*”.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA

Constatamos como unha fortaleza do I.E.S. Lama das Quendas a preocupación existente na Comunidade Educativa (alumnado, profesorado, familias e contorna) por transmitir unha educación libre de estereotipos de xénero a través de actuacións como as seguintes:

- Organización de charlas de sensibilización e promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual, obradoiros de igualdade, obradoiros de educación afectivo-sexual e actividades complementarias e extraescolares nas que se traballa a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, realización de debates entorno a violencia de xénero, machismos e micromachismos, representacións teatrais, organización e participación de concursos con temáticas relativas á igualdade de xénero e a celebración do día internacional contra a violencia de xénero e a celebración do 8 de marzo, entre outros.
- A procura dunha representación equitativa de homes e mulleres nas diferentes comisións creadas no centro, nas actividades de representación por parte do alumnado, e no reparto de grupos.
- A utilización de linguaxe neutro, sempre que sexa posible, nas comunicacións oficiais e na cartelería do centro (sala de profesorado, dirección, xefatura de estudos, secretario/a...)
- A participación e coordinación con todos os estamentos do Concello de Chantada con relación directa coas políticas e actuacións relacionadas coa violencia de xénero e a igualdade entre homes e mulleres a través das xuntanzas organizadas a través do Concello.

Por último, é importante destacar que durante os últimos anos non hai constancia no centro de situacións de violencia de xénero que necesitasen abrir un protocolo de actuación, mais si que existe algunha debilidade.

Destacar o feito, por exemplo, de que **non existe ANPA no centro**, o que repercute na relación coas familias do resto da comunidade educativa. A implicación das familias no centro prodúcese, fundamentalmente, a través das nais do alumnado, ora no Consello escolar, ora nas titorías. É un feito constatado nos últimos anos a escasa participación das familias na elección dos seus representantes no Consello Escolar, estando en torno do 3-4 % do total dos posibles votantes.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN

Obxectivos específicos	Liñas de actuación
Ob. Específico 1 Fomentar a formación do profesorado.	<ul style="list-style-type: none"> a) Garantir a formación en temas de igualdade. b) Comunicar ao profesorado toda lexislación referida ao tema. c) Designar no Consello Escolar unha persoa que fomente medidas de igualdade. d) Revisar a linguaxe utilizada nas clases.
Ob. Específico 2 Evitar os estereotipos sexistas nos documentos de funcionamento do centro	<ul style="list-style-type: none"> a) Revisar o proxecto educativo (PEC) e todos os documentos do centro para eliminar a linguaxe sexista. b) Revisar as programacións e o material didáctico de cada materia para eliminar estereotipos sexistas. c) Enriquecer o contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres. d) Diseñar actividades no plan de acción tutorial (PAT) para traballar os temas de igualdade.
Ob. Específico 3 Fomentar a igualdade na organización do centro.	<ul style="list-style-type: none"> a) Procurar equilibrar a presenza de alumnos e alumnas nos distintos grupos. b) Intentar promover que os postos de delegad@ e subdelegad@ sexan compartidos por un alumno e unha alumna. c) Realizar actividades variadas non sexistas, que favorezan as relacións igualitarias entre alumnos e alumnas. d) Celebrar actividades en datas sinaladas, como por exemplo, o 8 de marzo (Día Internacional da muller). e) Promocionar a igualdade de oportunidades entre mulleres e home. f) Prever, detectar e intervir en casos de violencia de xénero. g) Promocionar o respecto pola diversidade afectivo-sexual. h) Prever, detectar e intervir en casos de lgbtifobia. i) Aumentar a participación das familias no funcionamento do centro.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.
- Difundir o plan entre os membros da comunidade educativa.
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI, etc.).
- Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Concretar o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación a determinadas materias de ESO e Bacharelato.
- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
- Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo.

5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizar actividades de sensibilización na aula.

5.3. XESTIÓN DE ESPAZOS, RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO

- Difundir información a través da páxina web do centro.
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
 - Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
 - Previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado na realización de determinadas actividades do centro.
 - Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, etc.

5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR

- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

De cada un dos obxectivos farase unha avaliación anual, utilizando guías de análise que nos servirán como instrumento de recollida de información para analizar os resultados obtidos, e introducir as modificacións e melloras correspondentes, se procede. Parte desta información poderá ser recollida na memoria anual de centro para informar a toda a comunidade educativa, e servirá para establecer posibles actuacións na programación xeral do curso seguinte. O formato das guías de análise sería o seguinte:

Ob. Específico 1: Fomentar a formación do profesorado				
Indicador de logro	Grao de consecución			Propostas de mellora
	Total	Parcial	Nulo	
Existiu formación en temas de igualdade				
Informouse ao profesorado sobre lexislación no tema				
Existe coordinador/a do fomento da igualdade				
Ob. específico 2: Evitar os estereotipos sexistas nos documentos de funcionamento do centro				
Indicador de logro	Grao de consecución			Propostas de mellora
	Total	Parcial	Nulo	
Eliminouse a linguaxe sexista do PEC				
Elimináronse os estereotipos das programacións				
Examinouse o material didáctico (libros, apuntes,...)				
Achegouse ao currículo contribucións das mulleres				
O PAT recolle actividades para traballar a igualdade				
Ob. específico 3: Fomentar a igualdade na organización do centro				
Indicador de logro	Grao de consecución			Propostas de mellora
	Total	Parcial	Nulo	
Buscou o equilibrio alumnos-alumnas nos grupos				
Buscou o equilibrio delegad@/subdelegad@				
Realizáronse actividades para fomentar a igualdade				
Realizáronse actividades en datas sinaladas				
Promocionart igualdade de oportunidades (mulleres-homes)				
Prever, detectar e intervir en casos de violencia de xénero				
Promocionouse o respecto pola diversidade afectivo-sexual				
Aumentou a participación das familias no centro				